

No caso das **presentacións dixitais**, tes que procurar que sexan doadas de percibir visualmente; para iso:



- Sintetiza as ideas e expón enunciados curtos.
- Introduce imaxes que apoiem as túas ideas.

Xa para rematar, ten en conta que **buscar información non é copiar información**; tes que ler, contrastar, seleccionar e redactar á túa maneira.

### COIDA A PRESENTACIÓN!

### ORGANIZA E ORDENA OS CONTIDOS!

### FUXE DO PLAXIO



# GUÍAS DE TRABALO DA BIBLIOTRABE

## PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DUN TRABALO ACADÉMICO

Á hora de elaborar un traballo, debes prestar atención a estes aspectos:

### 1. COIDA A PRESENTACIÓN

Realiza **borradores previos**. Cando vayas facer a **versión definitiva**, ten en conta que é fundamental que sexa **doado de ler**; para iso:

- Escribe en **folios brancos**, por unha soa cara.
- Deixa **marxes** ós lados e na parte superior e inferior .
- Escribe con **letra clara**:
  - Á man: Usa só **bolígrafo negro ou azul** e evita o *tipex*.
  - No ordenador: escribe cunha **letra ARIAL, VERDANA, CALIBRI ou TIMES NEW ROMAN**, de doce puntos, cun espazo entre liñas de liña e media ou dúas liñas.
- **Xustifica os parágrafos cando escribas a ordenador** (de modo que queden aliñados a ambas as marxes)
- **Separa os parágrafos**, con sangría ou deixando máis espazo.
- **Fuxe dos excesos**: non abuses das cores, dos símbolos, dos debuxos..., non cambies de letra, de tamaño, de cor, a non ser que ese cambio teña un significado.

- **Revisa** o escrito (redacción, ortografía...)
- **Numera e grampa** as follas a partir do índice.

## 2. ORGANIZA, ORDENA E EXPÓN O CONTIDO DE XEITO CLARO

As partes imprescindibles nun traballo son: portada, índice, desenvolvemento e bibliografía.

- **Na portada**, pon o **título** e os teus **datos**.
- No **índice**, pon os **apartados** numerados ou marcados con símbolos..., e indica a páxina que corresponde a cada un.
- No **corpo**, busca a claridade na exposición de contidos; para iso:
  - **Expón con orde as túas ideas:**
    - Os textos expositivos compóñense de presentación, desenvolvemento e resumo.
    - Os textos argumentativos compóñense de tese, argumentos e conclusión.
  - Resalta o **título dos apartados**, usa maiúsculas, subliñáos ou márcalos con negriña.
  - **Marca as citas** con comiñas ou letra cursiva e pon sempre o autor ou autora.
  - Se introduces **imaxes ou gráficos**, que apareza sempre un pé de foto.
  - Se introduces **números, cantidades ou símbolos:**
    - Se comezas un enunciado por un numeral, este tense que escribir con letra (*Dúas personaxes non \*2 personaxes*).

- Os signos matemáticos só poden empregarse entre números.
- Os números de moitas cifras sepáranse en grupos de tres e sen punto (3 567 254).
- Os decimais sepáranse por coma baixa (3,5).
- As unidades escríbense sen punto e con minúscula (*m, metro*), a non ser que procedan dun nome propio (*N, Newton*).
- Nas datas, o ano escríbese xunto e sen punto (2019).
- As horas e os minutos sepáranse por punto (12.45).
- Na **bibliografía**, tes que citar as **fontes da túa información:**

- Dun libro: APELIDOS, NOME DO AUTOR (ano de publicación): Título, Editorial.  
CASTRO, ROSALÍA DE (1863): *Cantares Gallegos*, Imprenta Juan Compañel
- Dun artigo dun xornal ou revista: APELIDOS, NOME DO AUTOR (ano de publicación): "Título", Publicación e nº, páxinas.  
PONDAL, EDUARDO (1902): "Eles", *Revista Gallega* num. 360, pág 2 e 3
- Se escribes a ordenador os títulos dos libros e das cabeceiras de xornais e revistas deben ir en cursiva.  
CURROS ENRÍQUEZ, MANUEL (1888): *O Divino Sainete*, Ed. Andrés Martínez Salazar
- Se se trata dunha páxina web, cita en maiúsculas o nome, copia o enderezo e pon entre paréntese a data da consulta.  
CASA MUSEO DE EMILIA PARDO BAZÁN: <https://museos.xunta.gal/es/casa-pardo-bazan> (12.11.2019)